

**II. AUTORIDADES E PERSOAL****B) NOMEAMENTOS****CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN**

*ORDE do 12 de xullo de 2023 pola que se nomean vogais do Consello Reitor da Axencia Instituto Enerxético de Galicia.*

Mediante a Orde do 3 de febreiro de 2021 (DOG núm. 27, do 10 de febreiro) noméanse os vogais do Consello Reitor da Axencia Instituto Enerxético de Galicia.

O cambio da persoa titular da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Industria e Innovación mediante o Decreto 88/2023, do 22 de xuño, polo que se nomea secretario xeral técnico a José Ramón Pardo Cabarcos, e o cambio da titular da Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) mediante o Acordo do 22 de xuño de 2023, do Consello de Dirección do Igabe, polo que se nomea directora xeral do Igabe a Covadonga Toca Carús, puxo de manifesto a necesidade de actualizar os membros do Consello Reitor da Axencia Instituto Enerxético de Galicia.

En virtude do anterior, unha vez feita a proposta por parte da respectiva Consellería de Economía, Industria e Innovación e de conformidade coas atribucións que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e o artigo 13 do Decreto 142/2016, do 22 de setembro, polo que se modifican as normas reguladoras do Instituto Enerxético de Galicia e se aproban os estatutos da Axencia Instituto Enerxético de Galicia,

**DISPOÑO:**

a) Cesar como vogais do Consello Reitor da Axencia Instituto Enerxético de Galicia a Pablo Casal Espido e a Fernando Guldrís Iglesias, en representación da Consellería de Economía, Industria e Innovación.

b) Nomear como vogais do Consello Reitor da Axencia Instituto Enerxético de Galicia a José Ramón Pardo Cabarcos e a Covadonga Toca Carús, en representación da Consellería de Economía, Industria e Innovación.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2023

M<sup>a</sup> Jesús Lorenzana Somoza  
Conselleira de Economía, Industria e Innovación

